

**Acta núm. 06/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 15 de abril de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
José Antonio Vidal González
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 15 de abril de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2025, DO 01/04/2025.
 - 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
 - 3º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
 - 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
 - 5º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
 - 6º) RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE PARA DECLARAR A INEFICACIA DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.
 - 7º) PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA A CURSOS REALIZADOS POLO CONCELLO DE BRIÓN PARA O ANO 2025: COCIÑAS COLABORATIVAS DO ESPAZO COWORKING DE MONTE BALADO.
- FORA DA ORDE DO DÍA:
- 1) BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.
 - 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2025, DO 01/04/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 01.04.2025, acta núm. 05/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JOSÉ LUIS BALO MOSQUERA, na que comunica que vai executar un peche nos lindes norte, leste e oeste dunha parcela sita na Rúa Santiago nº 39 – Os Ánxeles. O peche consonte coa memoria asinada polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, en data de 21.03.2024, axustarase ás seguintes características:

- Peche linde norte (fronte da parcela) afastado a 5,00 metros do eixo do vial, a executar en perpiaño de 15 cms de espesor, ata una altura de 1,30 metros, coroado con lamas verticais de aluminio lacado na mesma cor que a carpintería exterior da vivenda, acadando a altura total de 1,80 metros.

- Peche lindes leste e oeste, executarase en formigón armado de 20 cms de espesor e unha altura variable, máxima de 1,20 metros sobre a rasante natural do terreo, coroado con malla metálica plastificada ata una altura de 1,50 metros no tramo clasificado como solo rústico, e ata 1,80 metros no tramo coincidente coa parte urbana da parcela.

A parcela (referencia catastral 7047413NH2474N0001TJ) na que se pretenden executar as obras ten dúas clasificacións: parte está clasificada como solo urbano, e a traseira da mesma está clasificada como RAU e como solo rústico de protección de leitos (RR). A porción da parcela dentro do ámbito de RAU, de acordo coa disposición transitoria primeira da LSG ten a consideración de solo rústico de protección ordinaria e sitúase dentro da zona de afección do rego Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 11.06.2024 (clave DH.W15.100126), e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A base de formigón dos peches laterais (lindes leste e oeste) deberá de quedar revestida e pintada en tons claros.
- Cumpríranse as condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 11.06.2024 (clave DH.W15.100126).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 651,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 715,71 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN GÓMEZ BARREIRO, na que comunica que vai executar obras de conservación e mantemento dun tramo de peche de 29 ml., sito no lugar de Souto nº 7 – Os Ánxeles. O peche actual, da fronte a un vial municipal e ten unha base de formigón de 50-60 cms, de alto, coroado con arameira e preténdese substituír dita arameira (sen afectar á base de formigón) por outra de características similares, acadando unha altura total do peche de 1,80 m.

A parcela (referencia catastral 5835308NH2453N0001OG) onde se pretenden executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, sendo de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,80 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 72,37 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EVA MARÍA NÚÑEZ PÉREZ, na que comunica que vai executar obras de rehabilitación enerxética na fachada principal da vivenda sita na Avda. Santa Minia nº 77 – Brión. As obras consisten en revestir o paramento da fachada con paneis illantes (sistema sate) e substituír as ventás existentes por outras novas de madeira.

A parcela (referencia catastral 62615022466S0001JO) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM e atópase afectada pola proximidade dunha serie de elementos de interese cultural.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 07.04.2025 (expediente XTC-2025-0593.AUI) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 326,13 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 390,70 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA MERCEDES LIÑARES ARMESTO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Aguiar 30 – Brión, substituíndo a cobertura actual de tella cerámica curva por outra das mesmas características sen afectar ao volume actual da edificación.

A vivenda (referencia catastral 6568607NH2466N0001IQ) onde se pretenden executar as obras emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 103,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 167,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VERÓNICA CEA FRAMIL, na que comunica que vai reformar o baño da vivenda de Estrar nº 28 – Brión. A reforma consistente en substituír o alicatado, pavimento e sanitarios.

A parcela (referencia catastral 6939502NH2464S0001AZ) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 22,24 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 86,81 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Quintás Cardama, que di actuar en representación de ABEL ALAMILLO GORDO, na que comunica que vai construír un alpendre para gardar apeiros de labranza no lugar de Quintáns nº 20 – Brión. O alpendre construírase sobre unha soleira de 16 m², ocupando o mesmo un total de 12 m² en planta, e executarase con fábrica de bloque revestido con morteiro de cor branca e cuberta resolta a unha auga, executada con tella cerámica curva.

A parcela (referencia catastral 5862702NH2456S0001GT) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e situase dentro da zona de afección dun regato.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 08.03.2025 (expte. DH.W15.105638), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A pendente mínima da cuberta será do 50% (26,56°).
- O alpendre situarase mínimo a 8 metros do eixo do camiño e a 3 metros de todos os lindeiros.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 111,98 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 176,55 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALFONSO SERRAMITO FREIRE, na que comunica que vai executar obras nunha parcela sita en O Cabo nº 8 - Os Ánxeles, consistentes en:

- Peche de parcela en varios tramos, que non están en contacto coa vía pública, con bloques de formigón revestido de pedra polos dous lados e outra parte revestidos e pintados, ata unha altura de 1,20 m. dende a rasante natural do terreo, e arame por enriba ata unha altura total de 1,80 m.
- Revestir e pintar dúas fachadas dunha edificación auxiliar existente.

A parcela (referencia catastral 7445704NH2474N0001DJ) onde se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 8 do PXOM (NRL-1), dentro da zona de protección de leitos do rego do Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 28.03.2025 (clave: DH.W15.104578) e do informe emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras axustaranse ás condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 28.03.2025 (clave: DH.W15.104578).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,02 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 164,59 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Delgado Godino, que di actuar en representación de AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L.U., na que comunica que vai instalar unha infraestrutura de telecomunicacións nunha parcela rústica situada nas inmediacións da aldea da Igrexa – Luaña. A infraestrutura consonte coa documentación técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Juan Luis Ortíz de Viguera, visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Industriais de Córdoba (núm. visado E-02293-24) consiste en executar un recinto valado de dimensións en planta de 7 x 10,5 m. (73,50 m²), sobre o que se vai instalar unha torre de 40 metros de altura. O recinto executarase cun panel ríxido modular metálico ata altura de 2,50 metros, afastado a 5 m. do lindeiro norte e a 9 m. do eixo da pista municipal que dá acceso á parcela. Tamén se proxecta acondicionar un acceso ou plataforma de rodadura, na propia parcela de 12 metros de lonxitude.

A parcela (referencia catastral 15013A018002330000US) sobre a que se pretende executar a instalación da infraestrutura de telecomunicacións aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal e situase nas proximidades dun conxunto de bens de interese cultural integrados no catálogo do PXOM. (Conxunto da Igrexa da Luaña clave: LR1 e contorno do templo parroquial clave: LE4 – LC5).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 12.12.2024 (expediente 3433/24) e dos informes da Consellería do Medio Rural de data 11.10.2024 e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Para calquera outro tipo de obra accesoria como as de infraestrutura soterrada de subministro eléctrico (RBTS) deberase de tramitar un novo título habilitante municipal.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 309,94 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 374,51 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Elis Regina Vicente Jara, que di actuar en representación de MESÓN SAN AMARO S.C, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de Bar- Restaurante do local comercial situado na Avda. de Noia nº 7, baixo – Os Ánxeles.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de I.E.C. Reboredo, S.L., e preténdese poñer a nome de MESÓN SAN AMARO S.C.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de Bar- Restaurante do local comercial situado na Avda. de Noia nº 7, baixo – Os Ánxeles a nome de MESÓN SAN AMARO S.C. NIF J70570361.

CUARTO .- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de SUSANA ESPÍÑO FERNÁNDEZ, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e edificación complementaria na rúa Cancelos 16 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución, asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado o 20.03.2025 (expte. 2406382).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7047418NH2474N0000EH) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 12.06.2021, (clave DH.W15.75314), prorrogada en data 18.04.2023, e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado o 20.03.2025 (expte. 2406382).

-. Como garantía da urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se non a tivesen, a condición de solar, que implica a pavimentación da beirarrúa no fronte da parcela, a execución

das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 1.891,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.987,23 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por José Carlos Taibo Rivera, que di actuar en representación de MARÍA DEL ROCÍO CASTRO NOYA, solicitando licenza para o cambio de uso dun local comercial a vivenda en rúa Inxerido - Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola sociedade Torreira Pais S.L.P, visado polo Colexio Oficial de

Arquitectos de Galicia con data 28.02.2025 e documentación complementaria visada con data 26.03.2025 (expte. 2406511).

O local comercial onde se van executar as obras (referencia catastral 6349333NH2465S0026RA) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 4 do PXOM (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola sociedade Torreira Pais S.L.P, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.02.2025 e documentación complementaria visada con data 26.03.2025 (expte. 2406511).
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 468,00 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
Total: 564,03 euros.

QUINTO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por DAVID LENZÓS MOURE, na que solicita prórroga do prazo de inicio das obras para construír unha vivenda unifamiliar no lugar da Caxusa nº 18 - Bastavales.

A Xunta de Goberno Local en data 08.10.2024 concedeu licenza de obra a Natalia Blanco Caamaño e David Lenzós Moure para construír unha vivenda unifamiliar no lugar da Caxusa nº 18 - Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Mercedes Rosón Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.02.2022 e 15.05.2024 (expte 2200665).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado deste acordo, para o inicio das obras.

SEXTO.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE PARA DECLARAR A INEFICACIA DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

a) Visto o expediente que se está a tramitar para a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por José María Ucha Dolz del Castellar, en representación de JOSÉ LUIS DORELLE IGLESIAS, para construír unha edificación na Avda. Santa Minia nº 89 -Brión, e destinala a capela (culto relixioso), aproveitando o forxado existente a modo de basamento, desmontando previamente unha estrutura lixeira que se levanta sobre o citado basamento, consonte coa documentación técnica redactada polo arquitecto José María Ucha Dolz del Castellar, asinada en data 08.10.2024, e resultando que o interesado non presentou alegacións no prazo de audiencia e visto o informe desfavorable emitido polo arquitecto municipal do 01.04.2025, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a ineficacia da comunicación previa para construír unha edificación na Avda. Santa Minia nº 89 - Brión, e destinala a capela (culto relixioso), aproveitando o forxado existente a modo de basamento, desmontando previamente unha estrutura lixeira que se levanta sobre o citado basamento, consonte coa documentación técnica redactada polo arquitecto José María Ucha Dolz del Castellar, asinada en data 08.10.2024, dado que segundo o informe do arquitecto municipal do 17.10.2024 , a comunicación previa non cumpre os requisitos esixidos na lexislación urbanística vixente para constituír título habilitante para a execución de ditas obras, e as obras descritas no documento técnico aportado non se axustan ás legalmente permitidas polo planeamento municipal.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

SÉTIMO.- PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA A CURSOS REALIZADOS POLO CONCELLO DE BRIÓN PARA O ANO 2025: COCIÑAS COLABORATIVAS DO ESPAZO COWORKING DE MONTE BALADO.

a) Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 28.03.2025 de prezo público pola asistencia a cursos realizados polo Concello de Brión para o ano 2025: cociñas colaborativas do espazo Coworking de Monte Balado, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), en sesión do 15.04.2025.

Visto o informe técnico do 24.03.2025 e o informe de intervención do 26.03.2025.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público, por participante, pola realización de cada curso de formación para utilización das cociñas colaborativas do Centro do Coworking de Monte Balado: Transformando Brión: 50,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

FORA DA ORDE DO DÍA:

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade acordouse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

1. BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por R.P.C, con rexistro de entrada no concello núm. 20250000000731, do 27.03.2025, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación dos seus fillos I.R.P. e H.R.P. nas actividades de: escolas deportivas municipais (patinaxe, rítmica e fútbol sala).

Visto o informe social do 14.04.2025 e a proposta de bonificación desfavorable da traballadora social do 14.04.2025, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Denegar a R.P.C. a bonificación solicitada consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo ao Departamento de servizos sociais para o seu coñecemento e efectos.

3º) Notificar este acordo á interesada.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,24 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González